



## Concello de Oia

### DECRETO CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO.

Visto o expediente en trámite co fin de seleccionar dous/dúas técnicos/as de turismo, para realización de tarefas de información, animación e promoción turística na oficina de turismo do Concello de Oia, coa categoría de personal laboral de duración determinada -duración: 3 meses ( verán) e 9 días ( semana santa)-, e a tempo parcial (80% xornada: 30 horas semanais), mediante concurso de méritos.

Visto o certificado de existencia de crédito expedido pola Intervención sobre as partidas 432 131 e 432 160, do vixente orzamento municipal para 2020

Tendo en conta que aínda que o anuncio de convocatoria do presente proceso saíu publicado no Bop do día 13/03/2020, venres, o prazo nunca comezou, ante a declaración do Estado de Alarma, por Real Decreto 463/2020 de 15/03/2020, pola emerxencia sanitaria derivada da proliferación do COVID-19, que suspendeu todos os prazos administrativos ata nova orden.

A día de hoxe, temos xa o real Decreto 537/2020 que preve a reanudación ou reinicio dos prazos administrativos con efectos do 01/06/2020 ( que en Oia será o 02/06/2020, por mor do festivo local do día 01/06), polo que procede corrixir as bases de selección para recomponer a duración do contrato e anunciar de novo a convocatoria do proceso selectivo.

Visto o establecido no artigo 21.1 g) da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e demais disposicións concordantes, esta alcaldía

#### **RESOLVE:**

**PRIMEIRO:** Aprobar as seguintes bases que rexerán o proceso selectivo destinado á formalización de contrato laboral temporal, con duración determinada do 22 de xuño ó 29 de setembro, e a tempo parcial ( 80% xornada), para realización de tarefas de información, animación e promoción turística, e autorizar ao mesmo tempo o gasto necesario para facer frente á contratación, co seguinte detalle:

Salario bruto/ mes: 831,19 €.  
Prorratas de paga extra: 277,08€  
Indemnización por cese: 36,94 € / mes traballado.

### **BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN, POR CONCURSO DE DOUS/DÚAS TÉCNICOS/AS PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE INFORMACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA NA OFICINA DE TURISMO DO CONCELLO**

#### **PRIMEIRO: OBXECTO DO CONTRATO.**

É obxecto das presentes bases a contratación laboral temporal (por un período de 3 meses e 8 días de dous/dúas técnicos/as para a realización de tarefas de información, animación e promoción turística na oficina de Turismo do Concello de Oia.

Realizaranse tarefas de atención ó público, atendendo ós/ás usuarios/as da oficina de turismo, e así mesmo, levaranse a cabo tarefas de animación e promoción





## Concello de Oia

---

turística (visitas guiadas a distintos elementos de interese do Concello, tarefas de promoción e demais actividades de análoga natureza)

Os traballos a desenvolver son de interese xeral e social indispensables para o bo funcionamento da comunidade e o benestar dos veciños, xa que a oficina de turismo, é o principal elemento con que contamos para a dinamización turística do noso Concello

### **SEGUNDO: TIPO DE CONTRATO, DURACIÓN, XORNADA LABORAL**

Contrato laboral temporal **conha duración de tres meses naturais e 8 días (do 22 de xuño ó 29 de setembro)**

Horario de prestación dos servizos: 30 horas semanais que se prestarán de luns a domingo. O Concello establecerá os horarios en función das necesidades do servizo, tendo dereito a un descanso de día e medio ininterrompido á semana.

### **TERCEIRO: FINANCIAMENTO E RETRIBUCIÓNS**

O salario a percibir será o establecido no Convenio colectivo de Oficinas e Despachos calculado en función da xornada laboral realizada e da titulación da persoa seleccionada.

As retribucións faranse con cargo ás partidas 432 131 e 432 160 do vixente orzamento municipal para 2020

### **CUARTO: CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES**

Para formar parte no procedemento selectivo, será necesario cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser membro dun país da Unión Europea e residente en España
2. Idade: ter cumpridos os dezaseis anos.
3. Titulación: Estar en posesión do título de Diplomado en Turismo, Graduado en Turismo , técnico superior en Guía, Información e Asistencias Turísticas ou de técnico superior Comercialización Turística e Guía ou estar en posesión do





## Concello de Oia

---

Certificado de profesionalidade e promoción turística local e información ao visitante (Código HOTI0108) no momento da convocatoria de selección.

4. Capacidade: non padecer enfermidade nin estar afectada/ou por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

5. Acreditar o coñecemento da lingua galega, nivel Celga IV

Todos os requisitos anteriormente enumerados deberán posuírse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata ou momento de toma de posesión da praza obxecto da selección.

### **QUINTO. TRIBUNAL CALIFICADOR.**

A selección dos aspirantes levarase a cabo por un Tribunal Cualificador que estará integrado por 5 membros, todos funcionarios ou persoal laboral fixo dalgunha administración pública, coa titulación suficiente para poder formar parte do órgano de selección.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será preciso a asistencia do Presidente e do Secretario ou das persoas en quen deleguen.

O Tribunal calificador, limitarase a propoñer ao órgano competente para a contratación á persoa que conforme ao baremo de méritos resulte coa maior puntuación, non tendo capacidade por sí mesmo de adxudicar directamente os postos ofertados.

### **SEXTO: SOLICITUDES PARA PARTICIPAR**

As persoas que desexen participar no proceso selectivo deberán facelo constar mediante unha instancia (modelo que figura como Anexo I) que deberá conter, como mínimo:

1. Os datos persoais da persoa que participa no proceso selectivo.
2. Título Académico que posúe.
3. Demáis documentación que achega á solicitude.

Xunto coa solicitude deberá presentar a seguinte documentación e **pola seguinte orde:**





## Concello de Oia

---

- Orixinal ou fotocopia compulsada do DNI ou do pasaporte.
- Orixinal ou copia compulsada do documento acreditativo de estar en posesión do título esixido para a dita contratación.
- Orixinal ou copia compulsada do documento acreditativo de estar en posesión do Celga 4
- Currículum vitae e documentación acreditativa dos méritos que se alegaren, de acordo co establecido no apartado séptimo.

Para acreditar a experiencia laboral, será necesario presentar contratos, vida laboral ou certificados de empresa, relativos aos servicios prestados.

**Os contratos que non veñan acompañados de ningún dos outros dous documentos referidos, so serán tidos en conta en caso de que acrediten sen lugar a dúbida as datas de inicio e fin dos servicios.**

**Así mesmo, calquera dos outros documentos presentados para acreditar a experiencia laboral, deberá especificar sen lugar a dúbidas o inicio e fin da prestación dos servizos.**

*O tribunal non admitirá ningún mérito alegado sen a correspondente acreditación documental, que terá que aportarse, necesariamente, no prazo concedido para tal fin nestas bases, sen que haxa lugar á subsanación de ningún tipo.*

**As solicitudes para participar no proceso selectivo presentaranse, preferentemente por vía telemática, a través do rexistro electrónico da sede electrónica [oia.sedelectronica.es](https://oia.sedelectronica.es). O prazo para a presentación de instancias será de cinco ( 5 ) días hábiles dende o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.**

**En caso de non ter posibilidade de utilizar a sede electrónica, o rexistro presencial admitirase unicamente con cita previa, chamando ao nº 986362125.**

Tamén se poderán presentar por calquera dos procedementos establecidos na Lei 39/2015 de Procedemento común das AAPP. Nestes casos, **o/a solicitante deberá xustificar a data e hora de imposición do envío e anunciar ó Concello a remisión da oferta.** Poderá facelo mediante fax (986 362 268) ou correo electrónico ([info@concellodeoia.es](mailto:info@concellodeoia.es))





## Concello de Oia

---

Se o último día de presentación de propostas coincidise en domingo ou festivo, prorrogarase o prazo ata o primeiro día hábil seguinte.

A solicitude de participación implica o coñecemento e aceptación das presentes bases.

Esta convocatoria da proba selectiva publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios deste Concello. Así mesmo, as bases estarán a disposición dos interesados, nas oficinas do Concello e na SEDE ELECTRONICA MUNICIPAL ( oia.sedelectronica.es)

### **SÉPTIMO: PROCESO SELECTIVO. CONCURSO**

O sistema de selección será o de concurso. Efectuarase en función da avaliación de méritos, tendo en conta o seguinte baremo:

**\*\* Experiencia laboral: ata un máximo de **3 puntos****

0,10 por mes de servicios prestados, exactamente, na mesma categoría do posto ao que se presenta (Informador/a turístico-técnico/a de turismo), ata un máximo de 3 puntos.

**\*\* Formación: ata un máximo de **9 puntos****

**- Cursos de Formación: Ata un máximo de 3 puntos**

1. Por ter asistido a cursos de formación e perfeccionamento impartidos en Centros Oficiais, Universidades, Colexios Oficiais ou Escolas de Administración Pública relacionadas coas materias obxecto desta convocatoria:

Cursos. Duración/horas:

- 100 ou máis horas: 0,25 puntos
- De 60 a 99 horas: 0,20 puntos
- De 30 a 59 horas: 0,15 puntos
- De 10 a 29 horas: 0,10 puntos
- 9 ou menos horas: 0,05 puntos

Cursos. Duración/créditos:

- 10 ou máis créditos: 0,25 puntos





## Concello de Oia

---

- De 6 a 9 créditos: 0,20 puntos
- De 3 a 5 créditos: 0,15 puntos
- De 1 a 5 créditos: 0,10 puntos

Os méritos alegados deberán acreditarse mediante a presentación de diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos, que deberán expresar a duración en horas ou xornadas completas e expresar con suficiente claridade o seu contido básico.

Neste apartado non se valorarán os cursos de idiomas.

\*No suposto de que non se acredite a duración dos cursos, estes non se valorarán. Non se valorará a asistencia a xornadas nin congresos.

No caso de aportar títulos/certificacións/acreditacións, etc..obtidos no estranxeiro ou emitidos por entidades non incluídas na rede de centros de ensino público oficial español, o/a aspirante deberá acreditar documentalmente a validación/homologación e, no seu caso, tradución pola entidade pública competente española. En caso contrario non serán valorados.

- **Coñecemento de idiomas-** ata un máximo de 3 puntos e serán computables a razón de un máximo de 1,25 puntos por cada idioma. Aos efectos de valoración de idiomas terase en conta o seguinte:

Os niveis de idiomas de alemán, árabe, francés, inglés, italiano, portugués, xaponés segundo a ORDE do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencias en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Orde do 21 de xuño de 2016 pola que se modifica a anterior.

NIVEL	PUNTUACIÓN
A2	0,25
B1	0,50
B2	0,75
C1	1
C2	1,25





## Concello de Oia

---

*Soamente será obxecto de valoración o maior nivel acadado en cada un dos idiomas.*

*\*No caso de que os cursos de idiomas sexan valorados polo número de horas, aplicarase o baremo dos cursos.*

*\*Non se terán en conta certificados expedidos no extranxeiro dos que non se acompañe traducción e homologación oficial en España.*

- **Grado en materia relacionada co posto obxecto da convocatoria:** 1 punto (sempre e cando non fose o título superior acreditado como requisito de acceso a esta convocatoria, en cuxo caso non se valorará)

- Por **máster ou postgrado** en materia relacionada co posto obxecto da convocatoria: 1 punto

- Por posuír a **habilitación de guía:** 1 punto

No caso de que haxa empate entre dous ou máis candidatos, darase preferencia por esta orde: a experiencia profesional acreditada, á posesión da habilitación de guía, grado en materia relacionada co posto, máster ou postgrado cursos de formación e coñecemento de idiomas.

### **OITAVO: PROCEDEMENTO**

Expirado o prazo de presentación de instancias publicarase na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello de Oia unha listaxe de admitidos e excluídos, con expresión, neste último caso, dos motivos de exclusión. Os solicitantes excluídos poderán presentar alegacións a esta exclusión no **prazo de 3 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación.**

O Tribunal puntuará os méritos alegados polos/as candidatos/as conforme ó baremo previsto nestas bases e formulará proposta á Alcaldesa, segundo a avaliación realizada.

A proposta de resolución conterá unha prelación coa puntuación obtida por cada aspirante admitido/a, indicando, tanto os/as aspirantes que acadaron unha maior puntuación e polo tanto se propón como beneficiarias/os, como a prelación dos





## Concello de Oia

---

restantes admitidos/as, que conformarán unha lista de reserva ós efectos das renuncias e baixas que se poidan producir.

### **NOVENO. IMPUGNACIÓNS E RECLAMACIÓNS**

As aclaracións e/ou revisións das puntuacións otorgadas polo tribunal cualificador solicitaranse por escrito ó mesmo.

A presente resolución e tódolos actos administrativos que se deriven desta, así como actuacións do tribunal de valoración, poderán ser impugnadas polos interesados na forma prevista legalmente na vixente Lei 39/2015, de Procedemento Común das administracións públicas.

No non previsto nas presentes bases será de aplicación á lexislación básica estatal en materia de selección de persoal e a lexislación autonómica de desenrolo da mesma.

### **ANEXO I (MODELO DE INSTANCIA)**

D. /Dna. \_\_\_\_\_, con DNI n.º \_\_\_\_\_, e domicilio para os efectos de notificación en \_\_\_\_\_, e teléfono \_\_\_\_\_

### **EXPÓN**

**PRIMEIRA.** Que vista a convocatoria anunciada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en relación coa convocatoria de dous postos de Técnico/a de Información Turística para a oficina de turismo do Concello de Oia, conforme ás bases publicada.

**SEGUNDO.** Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases referidas á data de expiración do prazo de presentación da instancia.

**TERCEIRO.** Que declara coñecer as bases xerais da convocatoria.

**CUARTO.** Que aporta a seguinte documentación:

- 1.
- 2.







## Concello de Oia

---

3.

4.

Por todo iso,

### SOLICITA

Que se admita esta solicitude para as probas de selección de persoal referenciada.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

*O/A solicitante,*

**SEGUNDO:** Ordenar a publicación no BOP dun anuncio da presente convocatoria a efectos de publicidade.

**TERCEIRO:** Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre.

Mándao e asíno o Sra. Alcaldesa en Oia a 26 de maio de 2020 ante mín a secretaria. Dou fe.

A Alcaldesa  
Asdo Cristina Correa Pombal

A Secretaria  
Asdo. Maria Cabodevila Ros

\*Asdo dixitalmente á marxe

